



BASES PARTICIPACIÓN LUDIVERÁN ALFOZ 2026

1. As actividades están orientadas a nenos e nenas nados/as entre o ano 2014 e o 2022 (neste caso, que durante o curso 2025/2026 cursaran 4º de Educación Infantil).
2. A duración será desde o luns 29 de xuño ata o luns 31 de agosto (días laborais), ambos incluídos.
3. Organízase en 4 quendas quincenais (poden inscribirse nunha, en varias ou en todas elas):
1ª Quenda: do 29 de xuño ao 15 de xullo.
2ª Quenda: do 16 ao 31 de xullo.
3ª Quenda: do 4 ao 17 de agosto (3 de agosto: festivo local).
4ª Quenda: do 18 ao 31 de agosto.
4. O horario será de 09:00 a 14:00 horas, estruturado da seguinte forma:
 - De 9:00 a 10:00 horas: recepción de participantes.
Na inscrición indicárase se o/a neno/a participante vai entrar ás 9:00 ou ás 10:00 horas.
 - De 10:00 a 13:00 horas: xogos e obradoiros.
 - De 13:00 a 14:00 horas: recollida de participantes.
Na inscrición indicárase se o/a neno/a participante vai saír ás 13:00 ou ás 14:00 horas.
5. O lugar de realización será o CEIP Castro de Ouro de Alfoz. No caso de realizar algunha actividade fóra deste recinto e ter que variar o punto de encontro para o comezo e/ou finalización, avisarase con antelación suficiente aos/as participantes, ademais de estar recollido na programación quincenal que se entregará antes do inicio da correspondente quenda para informar da programación diaria e no grupo de difusión de whatsapp creado para este fin. Primárase a realización de actividades no exterior sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.
6. Os/as participantes estarán sempre acompañados/as do persoal cualificado da empresa encargada de xestionar o programa.
7. As nenas e os nenos serán recollidos pola persoa autorizada de non ser o pai/nai/titor/titora que conste na inscrición en Ludiverán. No caso de que se autorice ao neno ou á nena (sempre maior de 10 anos) a marchar só/soa deberá constar na inscrición este permiso.
8. Recoméndase que os/as participantes veñan con roupa cómoda e axeitada para o desenvolvemento das actividades, así como con protector solar posto da casa, porque estarán no exterior a maior parte da xornada.





9. Tamén é recomendable que leven algo de comer para tomar a media mañá (durante o período de descanso) e auga.
10. Na inscrición deberá constar se o neno ou a nena ten algunha alerxia, intolerancia, enfermidade ou discapacidade que lle poida condicionar a realización das actividades.
11. Ludiverán dispón dun total de 30 prazas dispoñibles para este verán.
12. Os pais/nais/titores/as deberán asinar as inscricións con tódolos datos solicitados, así como marcar de forma clara se autorizan ou non a utilización de imaxes para web municipal, RRSS, notas de prensa, etc.
13. Non se rexistrará nin será válida ningunha inscrición que non estea completa e correcta.
14. Calquera cuestión, suxestión e/ou dúbida durante a realización do programa, pódese comunicar aos/ás monitores/as responsables á hora de entrada ou saída das actividades e tamén na Área de Igualdade (Casa do Concello no teléfono 982558001)
15. O servizo é gratuíto para os participantes. O coste do programa será asumido polo Concello de Alfoz.

PROCESO DE INSCRICIÓN.

- Para o verán 2026 hai 30 prazas dispoñibles en cada unha das quendas.
- Cada nena ou neno poderase inscribir nunha, en varias ou en todas as quendas.
- O período de inscrición abrírase o venres 5 de xuño e pecharase o venres 12 de xuño.
- As inscricións entregaranse na Oficina de Rexistro do Concello presencialmente ou por Sede Electrónica, quedando constancia da data e hora da mesma e da cal se entregará copia.
- As solicitudes que faigan constar a necesidade de conciliación, deberán xustificar documentalmente esta situación **no momento de formalizar a inscrición (de non aportar a documentación, non se computarán estes puntos)**, para o que deberán aportar a seguinte documentación:
 - A) proxenitores en situación de alta na Seguridade Social
 - Persoas autónomas: último recibo de pago da cota de autónomo/a.
 - Persoas contratadas por conta allea: certificado de empresa onde se faga constar o horario laboral e o período de vacacións do ano 2026.
 - B) proxenitores en situación de desemprego matriculados/as en accións formativas para a mellora da empregabilidade (formación ocupacional, TICs, etc.)
 - certificado que acredite a matrícula en accións formativas
 - C) 1 dos proxenitores é o coidador principal de persoa en situación de dependencia
 - certificado que acredite esta situación

Temos que ter en conta 2 posibles escenarios:

1º.-Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas (30 nenos e nenas), entran todos segundo a orde de inscrición e non hai listas de agarda. Se quedan prazas vacantes, o período de inscrición seguirá aberto ata cubrir o total dispoñible, seguindo a mesma orde de entrega.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

2º.-**Se hai máis solicitudes que prazas** establécese un baremo de puntuación para a selección dos participantes do xeito máis equitativo posible.

Reservarase o 10% das prazas para nenas e nenos en situación de vulnerabilidade, beneficiarios de programas sociais e familias vítimas de violencia de xénero.

Para o resto establécese a seguinte puntuación:

10 PUNTOS: para favorecer a conciliación, no caso de nenos e nenas cuxos proxenitores traballen ambos, así como familias monoparentais na mesma situación. Considérase que se trata de “persoa traballadora” nos seguintes casos:

- A) proxenitores en situación de alta na Seguridade Social
- B) proxenitores en situación de desemprego e matriculado en accións formativas para mellora da empregabilidade (formación ocupacional, TICs, etc.)
- C) 1 dos proxenitores é o coidador principal de persoa en situación de dependencia

15 PUNTOS: alumnado do CEIP Castro de Ouro (tanto no curso 25-26 como matriculados para o curso 26-27).

15 PUNTOS: solicitante empadronado/a en Alfoz.

5 PUNTOS: participantes que teñan algún/ha irmán ou irmá que tamén estea inscrito/a no programa (puntuación total, non por cada irmán ou irmá).

Na folla de inscrición deberase sinalar a casíña correspondente de cumprir estes requisitos para poder valoralos, comprometéndose a achegar a documentación acreditativa dos mesmos se se solicita. Ao asinar a inscrición está aceptando as condicións establecidas nestas bases e responsabilizándose da veracidade dos datos que aporta.

Unha vez sumados os puntos de cada solicitante segundo este baremo, establecerase a orde de acceso ás actividades, no caso de empate en puntos aplicarase a orde de entrega da inscrición, ao igual que de non ter puntos. Esta lista será publicada (respectando a LPD) na web municipal e taboleiro de anuncios (Sede Electrónica e físico na Casa do Concello) antes do comezo da actividade. Só se publicará no caso de haber lista de agarda. Avisarase telefonicamente a todos os participantes.

Crearase unha lista de agarda, seguindo o procedemento anterior para que no momento en que haxa unha vacante se poida acceder as actividades.

Todos os días pasarase lista e se un/unha inscrito/a falta habitualmente sen xustificar (20% das xornadas de cada quenda solicitada), pasará automaticamente á lista de agarda, entrando un novo usuario no seu lugar.

Se un/unha participante desexa deixar de acudir ao programa, deberá presentar solicitude de





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

baixa na Oficina de Rexistro do Concello ou electronicamente.

Os datos persoais recabados na presente inscrición forman parte dun ficheiro de protección de datos cuxa finalidade é a xestión do mencionado programa. Poderá vostede exercer os dereitos de acceso, cancelación e rectificación dirixíndose ó Excmo. Concello de Alfoz, A Seara S/N, 27776 Alfoz(Lugo). Todo o cal estará recollido na inscrición da actividade.

Ditas bases publicitaranse a través da Sede Electrónica do Concello de Alfoz e da páxina web municipal.

